

## DIALECTOLOXÍA HISTÓRICA DO GALEGO

**Profa. Dra. Rosario Álvarez e Prof. Dr. Henrique Monteagudo (Universidade de Santiago de Compostela)**

O obxecto deste minicurso é mostrarmos o interese do coñecemento do galego en toda a súa variación (antiga e moderna), sexa para explicar as relacións históricas entre as diferentes variedades lingüísticas do grupo galego-portugués sexa para comprender mellor a diversidade dialectal do portugués actual. A exposición terá en conta a distribución xeográfica, con cartografía, dun conxunto de trazos que presentan variación diatópica no galego medieval, seleccionados tendo en conta a súa importancia desde a perspectiva do estudo da variación e mudanza do portugués ou das diferenzas entre as normas cultas galega e portuguesa.

Galego (ao norte) e portugués (ao sur) ocupan a fachada atlántica da península ibérica. Na exposición mostraremos como a lingua romance primitiva, xurdida no NW, se expandiu no territorio e mudou ao longo dos séculos, dando lugar ao galego e ao portugués, que dun lado mantiveron características comúns e evolucionaron conxuntamente ata a actualidade e doutro presentan diferenzas desde as orixes e evolucionaron de forma diverxente en derivas independentes. Mostraremos os recursos existentes para o estudo da variación antiga e moderna neste territorio, e exporemos a mudanza das dúas linguas, desde as orixes ata a actualidade, en forma de diacronía comparada. Con axuda de mapas, ilustraremos abundantes feitos de variación, nuns casos con datos antigos tomados das fontes e noutros con datos modernos que permiten lanzar hipóteses razoables sobre a variación de outrora; nalgúns destes exemplos poderase comprobar como formas variantes condenadas pola norma culta, en Portugal ou no Brasil, existen ben documentadas historicamente no territorio constitutivo do primitivo romance que deu lugar ás linguas galega e portuguesa.